

## MOCIÓN SOBRE O PROGRAMA DE MURAIIS CONTRA O FEÍSMO URBANO NO CONCELLO DE REDONDELA

PLENO 07 de FEBREIRO 2019. ACTA 01/2019

Moción presentada por AER e que se transcribe a continuación:

“O feísmo urbano é un dos problemas que as cidades do século XXI tentan solucionar ou minimizar con normativas, incentivos ou mesmo sancións. As denuncias por casos de feísmo copan anualmente a oficina do Valedor do Pobo e cada vez aumenta a sensibilidade fronte a estes casos desafortunados de “mal facer”. Non obstante, nos últimos anos vanse desenvolvendo iniciativas alternativas que aproveitan o feísmo urbano para darlle unha volta de 180º e transformalo intelixentemente nunha oportunidade. Este é o caso de diversas vilas e cidades que apostan polo emprego da arte urbana dos graffitis e crear murais en fachadas e muros antiestéticos para poñelos en valor. Ou sexa, loitar contra o feísmo mediante a arte, e de paso, crear auténticos museos ao aire libre que ademais está supoñendo un interesante atractivo cultural da arte da rúa, mesmo con rutas específicas polas vilas e cidades e certames anuais de creación de novos murais que engalanen a cidade. Ao longo de toda a península hai casos merecedores de mención: Lisboa, Covilha, Aveiro, Figueira de Foz, O Porto, Zamora, El Provencio, Estepona, Madrid, Calpe, Barcelona, Madrid, Tudela, Victoria-Gasteiz ou Valencia . Xa en Galicia podemos falar de Vigo, O Barco, Ribeira, Ordes, A Ribeira Sacra, A Coruña ou Ferrol, e as súas iniciativas de murais contra o feísmo e, destacando pola súa repercusión e difusión, o caso de Carballo e o programa “Derrubando muros con pintura”. Estas iniciativas están convertendo estas vilas en auténticos museos ao aire libre que, en palabras dos seus promotores, buscan “curar con creatividade as feridas urbanísticas” que, ao igual que en tantas vilas galegas, deixou o crecemento urbano a partir dos anos 60. Xa en Redondela, hai que recoñecer que igual que na maioría de vilas galegas, tamén se deu ese crecemento urbano descontrolado, aparecendo fachadas en formigón antiestéticas, outras mesmo con fachadas de ladrillo sen cubrir, muros de infraestruturas ou contención onde prevalece a cor gris do cemento. Cada unha destas fachadas ou muros son unha oportunidade para converter o feísmo en arte. Pola contra cabe recoñecer que intervencións como as que xa ten realizado en diferentes espazos a Asociación Millo Verde con murais artísticos, foron e son unha mostra para toda a veciñanza do potencial da arte urbana para decorar muros con pintura, dando alternativas de solución ao feísmo. Algúns destes murais mesmo converteron zonas que ata entón pasaban inadvertidas a zonas cun importante interese como visita pola espectacularidade do mural, como pode ser a zona detrás do Campo da Petanca de Redondela. Recentemente tamén corresponde indicar que o propio goberno local fixo uso da arte urbana de murais para decorar a construción existente no parque infantil da Alameda e a caseta

eléctrica existente no recinto da feira. As boas iniciativas deben ser sempre motivo de réplica se conseguen a finalidade buscada co seu nacemento. Así pois, dende a Agrupación de Electores de Redondela consideramos que o noso concello é merecedor e ten oportunidades para o desenvolvemento dunha iniciativa similar a todas as expostas que son referentes algunhas delas mesmo a nivel mundial. Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela solicita do pleno da corporación municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:

**- Instar ao goberno local a que no Concello de Redondela se desenvolva un programa de murais artísticos contra o feísmo urbano, dotándoo da oportuna financiación e involucrando aos propietarios públicos ou privados das edificacións e infraestruturas candidatas a posibles intervencións artísticas.”**

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as, con 18 votos a favor (07 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 03 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito), aproba a moción.